



Recomendación dirixida á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que o Consello Escolar do Conservatorio Superior de Música de Vigo revise as circunstancias da non renovación do acordo coa AMCG e explique os motivos das decisións adoptadas en relación coa proposta de colaboración da AMCG nos aspectos apuntados nesta resolución

Expediente: D.3.Q/1666/22

*Relac. co expte. Q/3234/20*

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2022

Sr. conselleiro:

Como sabe, no ano 2020 tramitouse un expediente de queixa promovido por D. .... (presidente da Asociación de Música Clásica de Galicia). A referencia da dita queixa era D.3.Q/3234/20, e o asunto referíase á bonificación no uso das instalacións do Conservatorio Superior de Música de Vigo (CMUS Vigo) para o Concurso Internacional de Piano “Cidade de Vigo”.

#### ANTECEDENTES

1. No seu escrito, esencialmente, indicábanos que, desde o 2017, a súa asociación levaba realizando o certame nas instalacións do centro cun desconto do 50 % nas taxas por uso, grazas a un acordo do Consello Escolar do 21 de decembro de 2016. Con todo, no 2020, decidiu retirárselles esa vantaxe, pese a mantérllela ao resto de entidades sen ánimo de lucro que tamén viñan colaborando co centro.

O promotor desta queixa alega que non se explicaron os criterios que seguiu o devandito órgano colexiado que xustificasen a diferenza de trato con estas agrupacións, toda vez que desenvolven unha actividade similar á da Asociación de Música Clásica de Galicia. Afirmo que tanto a Consellería de Educación coma o centro non daban resposta ás súas preguntas.

Tras a correspondente investigación, formulamos a esa consellería unha recomendación co contido que vostede coñece pola nosa comunicación do 24 de xuño de 2021:

*“Que o Consello Escolar do Conservatorio Superior de Música de Vigo revise as circunstancias da non renovación do acordo coa AMCG e explique os motivos das decisións adoptadas en relación coa proposta de colaboración da AMCG no aspectos apuntados nesta resolución”.*

En síntese, os aspectos apuntados eran:

-que se aclarase la diferenza de trato entre a AMCG e o resto de agrupacións que colaboran co Conservatorio, dado que, mentres que os seus acordos se someteron á aprobación do Consello Escolar en setembro de 2019, coa asociación reclamante non se fixo ata xaneiro de 2020, o que vulneraría o principio de igualdade.

Neste sentido, a Consellería alegou motivos de urxencia: as prácticas do alumnado do conservatorio, por unha banda; e a realización de actividades musicais próximas no tempo ao inicio do curso, pola outra. Así, afirmábase que, dado que a actividade da AMCG non estaba programada para o inicio do curso, o acordo de colaboración podía agardar.

Con todo, debemos ter en conta que, de acordo co informe da Consellería, o CMUS Vigo “púxose en contacto coas distintas entidades solicitándolles as súas propostas” pero non o fixo coa asociación promotora desta queixa. Nesta liña, o centro atrasou o contacto coa AMCG ata o 9 de xaneiro, cando xa asinara os acordos co resto de entidades o 26 de setembro, un día despois da xuntanza do Consello Escolar. No ámbito destas diferenzas na tramitación dos convenios, foi a dirección a que elaborou a proposta alternativa aos concertos para que o concurso puidese manter a bonificación, referíndose a ela como “requisito”. En todo caso, esas consideracións corresponderíanlle ao órgano colexiado, ao ser o competente para resolver sobre a colaboración.

-Así mesmo, consideramos que é necesario resaltar que o Consello rexeita a prórroga da colaboración coa AMCG o 15 de xaneiro, apenas seis días despois de que o vicedirector lle fixese chegar á asociación a proposta do conservatorio de desenvolver un ciclo de clases maxistras. Entendemos que non pode admitirse que a administración demore a adopción da decisión desde setembro ata xaneiro e, malia iso, non espere pola resposta da asociación.

-A AMCG, na data do 4 de febreiro de 2020, ofrece a posibilidade de que as entradas e a participación no concurso sexan gratuítas para a comunidade educativa do centro. Aínda así, o Consello, de novo, non aprobou a proposta sen ofrecer ningún motivo nin ningunha solución ao problema, pese a que o resto de entidades non chegaron a ofrecer esta vantaxe, senón unicamente a asistencia gratuíta aos ensaios xerais. Isto evidencia unha disparidade de criterios entre as decisións. Parece, pois, que a única alternativa para acadar a bonificación sería acceder ao que demandara o equipo directivo, o que conculca a liberdade da AMCG inxustificadamente.

-Polo que se refire á motivación da decisión, cabe sinalar que non se lle explicaron á AMCG as razóns polas que o Consello Escolar adoptara esa decisión. Con respecto a isto, o director do centro afirmou: *“non teño ningunha explicación máis que darlles ao respecto das que lle foron trasladadas”*.

Porén, o exercicio das potestades administrativas implica a necesidade de razoar as decisións que se adoptan ao seu abeiro, especialmente cando son discrecionais e, precisamente, por ese motivo (*vid.* art. 35.1, apartado i) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). O contrario conduce á indefensión do administrado, que, como neste caso, non pode coñecer como mellorar a súa proposta para obter a vantaxe que solicitou, nin entende os criterios que se seguen para conceder estes beneficios e que farían merecedoras deles a outras entidades parecidas, pero non a el.

-As actuacións reflectidas na queixa poderían constituír unha vulneración do principio de confianza lexítima na actividade da administración, recollido en numerosas sentenzas. Como xa sinalamos, o conservatorio alegou o incumprimento das condicións previstas no acordo do Consello Escolar de 2016, que prevía, ademais do propio concurso de piano, un ciclo de concertos que non se desenvolveu durante os anos 2018 e 2019. Esta circunstancia era xa coñecida polo centro e non determinou a revisión do convenio nos anos 2018 e 2019. Baseándose no principio de confianza lexítima, a AMCG alega que a colaboración que aprobou o Consello se refería exclusivamente ao ano 2017, de maneira tal que non se comprometera a desenvolver a dita actividade alén deste período. Deste xeito, organizando unicamente o certame, seguiu beneficiando da bonificación durante os anos seguintes. Precisamente isto é o que vén a garantir o principio de confianza lexítima segundo a citada xurisprudenza: *“la exigencia de un deber de comportamiento que consiste en la necesidad de observar de cara al futuro la conducta que los actos anteriores hacían prever y aceptar las consecuencias vinculantes que se desprenden de los propios actos constituyendo un supuesto de lesión a la confianza legítima de las partes “venire contra factum proprium”*.

2. Esta institución tivo que suspender as súas actuacións ao recibir un oficio do secretario xeral técnico da anterior Consellería de Cultura, Educación e Universidade no que indicaba:

*-O 04/02/2021 a Asociación de Música Clásica presentou un recurso de alzada contra "a resolución denegatoria, producida por silencio administrativo, da Xefatura Territorial de Pontevedra" das pretensións recollidas no escrito presentado en xuño de 2020, no que a asociación demandaba todas as cuestións que posteriormente remitiu á Valedora do Pobo.*

*-O 12/03/2021 resolveuse a inadmisión deste recurso, o que lle foi notificado ao reclamante na mesma data.*

*-O 18/05/2021 ....., en representación da Asociación de Música Clásica de Galicia presentou un recurso contencioso-administrativo contra a inadmisión do recurso de alzada, admitido a trámite (PA 0000161/2021) polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Vigo.*

*O que se informa para os efectos do artigo 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo.*

-A asociación promotora do expediente deu traslado a esta institución da sentenza do TSXG de 30 de marzo de 2022 desestimando o recurso de apelación promovido ante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade por motivos formais, ao entender que nin se impugnou un acto con contido decisorio nin se trataba dun procedemento administrativo que puidera producir o efecto do silencio, polo que a inadmisión do recurso de alzada por parte da anterior Consellería de Cultura, Educación e Universidade foi conforme a Dereito.

Esa sentenza, porén, pon de manifesto que o procedemento de queixa promovido diante desta institución aínda esta pendente, xa que por aplicación do artigo 20 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, reguladora da institución do Valedor do Pobo, houbo que suspender as nosas actuacións pola interposición da demanda contencioso-administrativa. Sen embargo, como lembra a resolución xudicial, a consellería terá que realizar as actuacións impetradas en orde a cumprimentar a recomendación.

Neste sentido, cómpre insistir en que a cuestión de fondo da queixa era a falta de motivación dos acordos, non o sentido das votacións, dos que a asociación foi informada no seu día. Por tal motivo, é preciso motivar por que non se lle concedeu a bonificación á AMCG malia realizar achegas de similares características ás doutras entidades e se lle retirou a bonificación á AMCG tras constar aprobada na Comisión de Actividades.

O artigo 14, j) do Decreto 223/2010, de 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia, sinala que unha das competencias dos Consellos escolares é establecer os criterios para colaborar, con fins educativos e culturais, coas administracións local e autonómica, centros docentes, e outras entidades públicas y privadas. En consecuencia, a aprobación ou rexeitamento das propostas que se presenten débese axustar a estes criterios sobre os que debe motivarse a decisión.

Nas actas do Consello Escolar, tanto da reunión de 26 de setembro de 2019 como a de 9 de xaneiro de 2020, debe figurar o debate do órgano colexiado sobre as diferentes propostas recibidas e sometidas a votación e, xa que logo, non simplemente o sentido dos votos válidos e das abstencións senón o axuste aos criterios establecidos para os convenios de colaboración, que debe rexer para todas as entidades. Esta é, precisamente, a motivación da decisión que os representantes da AMCG de Galicia teñen dereito a coñecer.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, reiterarlle á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a seguinte *recomendación*:

*“Que o Consello Escolar do Conservatorio Superior de Música de Vigo revise as circunstancias da non renovación do acordo coa AMCG e explique os motivos das decisións adoptadas en relación coa proposta de colaboración da AMCG nos aspectos apuntados nesta resolución”.*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo